

NORMAS INICIO DE CURSO 20-21

Inicio de clases: Todo o alumnado do CRA de Oroso comezará as clases **o xoves 10 de setembro, agás o alumnado de 6º de Infantil (5 anos) que comezará o venres 11**. Para todo o alumnado de Infantil o **período de adaptación durará todo o mes de setembro** (neste período os horarios poden ser variables, en función da adaptación do alumnado á escola).

Enquisa de autoavaliación no domicilio e declaración responsable: Segundo o disposto no Protocolo, cada familia terá que facer **cada día no seu domicilio a enquisa** que se inclúe como Anexo I. Si hai **un so síntoma dos da enquisa, o/a alumno/a non poderá asistir ao colexio** ese día e terá que poñerse en contacto co seu centro de saúde. Se algunha **persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19** tampouco poderá asistir ao colexio ata que se confirme un resultado negativo do familiar. Cada familia asinará **ao comezo de curso unha declaración responsable para comprometerse** a cumprir esta norma.

Entradas e saídas: O alumnado de Educación Primaria entrará ao recinto escolar **sen acompañante**. O alumnado de Educación Infantil preferiblemente entrará **sen acompañante, a non ser que o precise**. Os acompañantes deberán traer máscara, manter a distancia de seguridade e realizar a hixiene de mans.

Nas **escolas so entrarán os/as alumnos/as**.

O profesorado poderá tomar a temperatura a cada alumno/a ao inicio da xornada escolar.

Uso de máscara no alumnado: O alumnado de **6 ou máis anos debe de usar máscara durante toda a xornada escolar**. Ademais, ten que traer un estoxo ou sobre para gardala e unha máscara de recambio.

Para o **alumnado menor de 6 anos o uso de máscara non é obrigatorio, é recomendable**. Este alumnado tamén debe de traer a máscara, aínda que non a usará toda a xornada, so en determinadas situacións nas que haxa máis contacto.

Material escolar: O material de uso habitual (lapis, ceras, libretas...) non se pode compartir, polo que cada alumno/a terá unha **caixa individual co seu material na escola**. Cada titora pedirá o material que considere oportuno no inicio de curso. Todo este material ten que vir co **nome do alumno/a**. Cada alumno/a debe de traer unha botella de auga de uso individual cada día.

Desenvolvemento das clases:

- O alumnado terá que **lavar/desinfectar as mans**, como mínimo 5 veces ao día. Ademais disto, como recomendación, o alumnado que teña o pelo longo debe de traer o pelo recollido para evitar tocar a cara (boca, ollos...) ao longo da xornada.
- As **mesas do alumnado de Infantil** poden ter ata un máximo de 5 alumnos/as e entre mesas haberá un espazo de 1,5 metros. O alumnado non terá que usar a máscara mentres estea na mesa, pero deberá poñela para facer determinadas actividades nas que poida estar máis cerca doutros/as nenos/as ou compartir algún material. As **mesas do alumnado de Primaria** estarán separadas o máximo posible (aínda que o Protocolo non establece separación xa que é obrigatoria a máscara en todo momento para este alumnado).
- Procurarase desenvolver **actividades ao aire libre** o máximo tempo posible e sempre que a climatoloxía o permita, polo que o alumnado debe de vir con **roupa e calzado axeitados**.
- A **ventilación** considerase como unha medida hixiénica prioritaria, polo que, ademais da frecuencia obrigatoria (antes e despois da xornada escolar, e sempre que se poida, entre clases), tamén é recomendable manter as xanelas abertas total ou parcialmente durante as clases.
- Nas primeiras semanas de curso haberá **cambios nos horarios do profesorado** para axudar ás titoras no período de adaptación e evitar, na medida do posible, os desprazamentos entre escolas. A medida que vaia avanzando o curso, faranse cambios nos horarios.
- As **titorías** do profesorado coas familias faranse, de xeito preferente, por **teléfono ou videoconferencia**. Nas primeiras semanas so se farán as titorías que as titoras consideren indispensables e con cita previa.
- De xeito indefinido, quedan **suspendidas as actividades complementarias e extraescolares**, xa que xuntarían a alumnado de diversas escolas. Entre estas actividades inclúense as sesións de biblioteca dos martes pola tarde, realización de excursións, celebracións de magosto e festivais...en función da evolución da situación, poderase revisar esta medida.

Todas estas medidas explicaranse de xeito máis detallado nas reunións por videoconferencia que convocarán as titoras de cada escola.

En función das circunstancias, poderanse cambiar estas medidas, previa información ás familias do alumnado.

ANEXO I - ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Segundo o establecido no Protocolo, **si o/a alumno/a presenta un síntoma dos seguintes, ese día non pode acudir á escola** e a familia debe de poñerse en contacto telefónico co centro de saúde de referencia.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		